



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

Acta da sesión ORDINARIA celebrada pola Excma. CORPORACIÓN
PROVINCIAL EN Pleno o 11 de setembro de 2020

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión plenaria ordinaria do 11 de setembro de 2020, ás 12:00 horas.

ASUNTOS

Información e actas

1. [Aprobación da acta da sesión anterior, número 7/2020, do 31 de xullo](#)
2. [Dación de conta das resolucións da Presidencia desde o 25 de xullo de 2020 ata o 4 de setembro de 2020.](#)

Comisión de Infraestructuras Viarias, Vías e Obras Provinciais

3. [Aprobación definitiva da 3ª relación da 2ª Fase do VIPI 2019](#)
4. [Aprobación definitiva da primeira relación da 3ª Fase do VIPI 2019](#)

Comisión de Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Turismo e Patrimonio Histórico e Cultural

5. [Aprobación do proxecto modificado da obra denominada "Rede saneamento e abastecemento Troitín, Loureda" do Concello de Arteixo, incluída na 2ª e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal \(Plan único de concellos\) POS+ Adicional 1/2017 por maior achega provincial, co código 2017.2001.0724.0](#)
6. [Aprobación do proxecto modificado da obra denominada "Mellora da accesibilidade polo patio norte na Residencia de Anciáns Dolores Díaz Dávila" do Concello de Ortigueira, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal \(Plan único de concellos\) POS+2017, co código 2017.3110.0218.0](#)
7. [Aprobación do segundo proxecto modificado da obra denominada "Acondicionamento do ximnasio e instalacións de protección do CEIP José María Lage", do Concello de Ortigueira, incluída na 2ª e derradeira Fase do POS+ADICIONAL 1/2017 co código 2017.2001.0759.0](#)

Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior

8. Aprobación da toma de coñecemento da información sobre o período medio de pago a provedores á que se refire o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes de xullo de 2020 e relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña entre o 1 e o 31 de xullo de 2020.

9. Dación de conta da remisión ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, da información da execución orzamentaria da Deputación Provincial e dos seus entes dependentes (Consorcio provincial contra incendios e salvamento da Coruña e Fundación axencia enerxética da provincia da Coruña) correspondente ao segundo trimestre de 2020, en cumprimento do disposto na Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración da información prevista na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

10. Dación de conta das liñas fundamentais dos orzamentos do exercicio 2021.

11. Dación de conta do Informe da fiscalización a posteriori dos recursos propios da Deputación provincial e doutros entes públicos correspondentes ao exercicio 2018.

12. Aprobación inicial da modificación da ordenanza fiscal Nº 5 reguladora da taxa por prestación de servizos tributarios

ACTUACIÓN DE CONTROL:

MOCIÓNS

Moción sobre monarquía

ROGOS E PREGUNTAS

***Declaración institucional relativa ao Pazo de Meirás.**

Acta da sesión ordinaria celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL en Pleno o 11 de setembro de 2020.

De forma telemática, consonte ao disposto na Resolución da Presidencia 26391/2020, de 7 de setembro, o 11 de setembro de 2020, reúnese a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión ordinaria.

Preside: Don Valentín González Formoso, Presidente da Corporación provincial

Deputados/as

Asistentes:

Dona Martina Aneiros Barros	PP
Don Evaristo Ben Otero	PP
Don José Carlos Calvelo Martínez	PP
Dona Cristina Capelán Cancelo	PSOE
Don Germán Castrillón Permuy	PP
Dona María Milagros Castro Sánchez	PSOE
Don Xosé Xurxo Couto Rodríguez	BNG
Don Manuel María Durán Guillán	PP
Don Antonio Fernández Angueira	PP
Don José Luis Fernández Mouriño	PP
Don Bernardo Fernández Piñeiro	PSOE
Dona Rosa M ^a Gallego Neira	PP
Dona Dalia García Couso	PP
Don José Blas García Piñeiro	PSOE
Don Ángel García Seoane	AVV
Don José Pablo González Cacheiro	PP
Dona Sandra González Castro	PSOE
Don José Manuel Lage Tuñas	PSOE
Don Antonio Leira Piñeiro	PSOE
Don Alberto Lema Suárez	MA
Dona María Beatriz Molinos Vidal	PP
Don José Muiño Domínguez	PP
Dona María del Carmen Muiño Filgueira	BNG
Don Xosé Luis Penas Corral	BNG
Don José Manuel Pequeño Castro	PSOE
Don Xosé Regueira Varela	BNG
Don José Ramón Rioboo Castro	PSOE
Don Roberto Rodríguez Martínez	PP
Don Manuel Taboada Vigo	PP

Excusada:

Dona Ana Lamas Villar	PSOE
-----------------------	------

O Sr. González Cacheiro incorpórase comezada a sesión, no punto número dous e e o Sr. Castrillón Permuy incorpórase comezada a sesión, no punto número sete.

Actúa como secretaria accidental: dona Amparo Taboada Gil, oficial maior da Corporación.

Está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás 12:03 horas, tratáronse os seguintes asuntos:

1.- Aprobación da acta da sesión anterior, número 7/2020, do 31 de xullo

VOTACIÓN

Votan a favor: 28 deputados/as (12 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

Apróbase por unanimidade a acta da sesión anterior, número 7/2020, do 31 de xullo.

(Incorpórase a sesión o Sr. González Cacheiro).

2.- Dación de conta das resolucións da Presidencia desde o 25 de xullo de 2020 ata o 4 de setembro de 2020.

Dáse conta das resolucións da Presidencia desde o 25 de xullo de 2020 ata o 4 de setembro de 2020.

3.- Aprobación definitiva da 3ª relación da 2ª Fase do VIPI 2019

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar a TERCEIRA RELACION DO PLAN DE INVESTIMENTO EN VIAS PROVINCIAIS 2019 SEGUNDA FASE cun orzamento total de 1.123.606,18.- euros, con cargo á aplicación 0410/4531/60900 que se detalla:

CODIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	PRESUPOSTO (DEPUTACIÓN FONDOS PROPIOS), 0410/4531/60900
19.1110.0007.0	AMPLIACIÓN E MELLORA DO TRAZADO DA DP 7802, ROXOS A REBORIDO. 1ª FASE, P.Q. 0+390 A 2+620	SANTIAGO DE COMPOSTELA	1.123.606,18
TOTAL			1.123.606,18

2.- Expoñer ao público os Proxectos mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, consideraranse definitivamente aprobados.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

4.- Aprobación definitiva da primeira relación da 3ª Fase do VIPI 2019

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar a PRIMEIRA RELACION DO PLAN DE INVESTIMENTO EN VIAS PROVINCIAIS 2019 TERCEIRA FASE cun orzamento total de 2.457.794,73 .- euros, con cargo á aplicación 0410/4531/60900 que se detalla:

CÓDIGO	DENOMINACION	CONCELLO	PRESUPOSTO
19.1110.0009.0	DP 2302 Hospital a Brens, P.Q.. 2+100 ao P.Q. 5+890. Mellora da estrada	Dumbría	995.368,84
19.1110.0011.0	DP 1802 Veiga de Cabana ás Pontes de García Rodríguez, P.Q. 0+000 ao 8+808, ampliación de plataforma e mellora de trazado	As Pontes	1.462.425,89
TOTAL.....			2.457.794,73

2.- Expoñer ao público os Proxectos mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producisen, consideraranse definitivamente aprobados.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

5.- Aprobación do proxecto modificado da obra denominada "Rede saneamento e abastecemento Troitín, Loureda" do Concello de Arteixo, incluída na 2ª e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2017 por maior achega provincial, co código 2017.2001.0724.0

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2017, aprobadas polo Pleno desta Deputación o 25 de novembro de 2016 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) nº 226, de 29 de novembro de 2016.

Logo de ver que o Pleno desta Deputación na sesión realizada o 23 de marzo de 2018, en relación coa Resolución de Presidencia número 10762/2018 do 26 de marzo, aprobou a segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único dos concellos) POS+ADICIONAL 1/2017 por maior achega provincial

Logo de ver que no Anexo a dito acordo plenario provincial figura a listaxe completa dos investimentos que se inclúen na 2ª e derradeira fase do POS+ADICIONAL 1/2017 por maior achega provincial, no que figura, entre outras, a obra do Concello de Arteixo denominada "Rede saneamento e abastecemento Troitín, Loureda", co código 2017.2001.0724.0

Logo de presentar o Concello de Arteixo un proxecto modificado desta obra, xunto cos informes técnicos e xurídicos favorables xustificativos da modificación do proxecto, que conta coa conformidade do contratista adxudicatario da obra, así como a certificación acreditativa da súa aprobación polo órgano municipal competente, as autorizacións necesarias para a execución da obra e o informe favorable do Servizo

de Asistencia Técnica a Municipios desta Deputación

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA

1.- Aprobar o proxecto modificado da obra do Concello de Arteixo denominada "Rede saneamento e abastecemento Troitín, Loureda", incluída na 2ª e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único dos concellos) POS+ADICIONAL 1/2017 por maior achega provincial, co código 2017.2001.0724.0, que foi aprobado mediante acordo plenario desta Deputación na sesión realizada o 23 de marzo de 2018, en relación coa Resolución de Presidencia número 10762/2018 do 26 de marzo, que aínda que non supón variación da súa finalidade nin do seu obxecto, presenta algunhas modificacións nas actuacións que implican un incremento no seu orzamento de contrata, para cuxo financiamento o concello acredita ter crédito dabondo no seu orzamento municipal.

Proxecto modificado "Rede saneamento e abastecemento Troitín, Loureda"				
Concello de Arteixo				
2017.2001.0724.0				
		Contrata	Adxudicación	Balxa
PROXECTO INICIAL	Deputación	167.098,81	147.000,00	20.098,81
	Concello	0,00	0,00	0,00
	Total	167.098,81	147.000,00	20.098,81
PROXECTO MODIFICADO	Deputación	167.098,81	147.000,00	20.098,81
	Concello	15.584,42	13.709,91	1.874,51
	Total	182.683,23	160.709,91	21.973,32
INCREMENTO	Deputación	0,00	0,00	0,00
	Concello	15.584,42	13.709,91	1.874,51
	Total	15.584,42	13.709,91	1.874,51

2.- Na partida 0430/1604/76201 do vixente orzamento provincial existe crédito adecuado e suficiente para o financiamento da achega provincial a esta obra.

3.- Notificar este acordo ao Concello de Arteixo para os efectos oportunos."

6.- Aprobación do proxecto modificado da obra denominada "Mellora da accesibilidade polo patio norte na Residencia de Anciáns Dolores Díaz Dávila" do Concello de Ortigueira, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2017, co código 2017.3110.0218.0

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver as Bases Reguladoras do POS+ 2017, aprobadas polo Pleno desta deputación o 25 de novembro de 2016 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 226, do 29 de novembro de 2016

Logo de ver o acordo do Pleno da Deputación de data 8 de xuño de 2017, en relación coa Resolución da Presidencia número 22137 do 7 de xullo de 2017, polo que se aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2017.

Logo de ver que no Anexo a este acordo figura a listaxe completa dos investimentos que se inclúen no POS+ 2017, no que figura, entre outras, a obra do concello de Ortigueira denominada "Mellora da accesibilidade polo patio norte na Residencia de Anciáns Dolores Díaz Dávila", co código 2017.3110.0218.0.

Logo de presentar o Concello de Ortigueira un proxecto modificado desta obra que xa está adxudicada, coa finalidade de adecuar o proxectado á realidade física existente, así como ás necesidades dos usuarios do edificio e para cumprir a normativa de aplicación, sen variación no seu orzamento pero cunha alteración interna do seu contido superior ao 30%, que conta co informe favorable do Servizo de Asistencia Técnica desta Deputación, xunto cos informes xurídicos e técnicos favorables á modificación do proxecto, así como a conformidade do contratista adxudicatario e a certificación acreditativa da súa aprobación polo órgano municipal competente do concello.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA

1.- Aprobar o proxecto modificado da obra do Concello de Ortigueira denominada "Mellora da accesibilidade polo patio norte na Residencia de Anciáns Dolores Díaz Dávila", incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2017, co código 2017.3110.0218.0, que foi aprobada polo pleno desta Deputación na sesión realizada o día 8 de xuño de 2017, en relación coa Resolución da Presidencia

número 22137 do 7 de xullo de 2017, cun orzamento de contrata de 51.316,22 €, que non representa unha variación no seu orzamento respecto do proxecto técnico inicial, aínda que supón unha alteración interna do seu contido superior ao 30% para adecuar o proxectado á realidade física existente, así como ás necesidades dos usuarios do edificio e para cumprir a normativa de aplicación.

POS+ 2017 Mellora da accesibilidade polo patio norte na Residencia de Anciáns “Dolores Díaz Dávila” 2017.3110.0218.0			
	Orzamento de contrata	Orzamento de adjudicación	Baixa de adjudicación
Deputación	51.316,22	41.922,76	9.393,46
Concello	0,00	0,00	0,00
Total	51.316,22	41.922,76	9.393,46

2.- A achega provincial a esta obra financiarase con cargo ao crédito consignado na partida 0430/93394/76201 do vixente orzamento provincial.

3.- Notificar esta resolución ao Concello de Ortigueira para os efectos oportunos."

(Incorpórase a sesión o Sr. Castrillón Permuy).

7.- Aprobación do segundo proxecto modificado da obra denominada "Acondicionamento do ximnasio e instalacións de protección do CEIP José María Lage", do Concello de Ortigueira, incluída na 2ª e derradeira Fase do POS+ADICIONAL 1/2017 co código 2017.2001.0759.0

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único dos concellos) POS+2017, aprobadas polo Pleno desta Deputación o día 25 de novembro de 2016 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) nº 226, de 29 de novembro de 2016.

Logo de ver que o Pleno desta Deputación na sesión realizada o 23 de marzo de 2018, en relación coa Resolución de Presidencia número 10762/2017 do 26 de marzo de 2018, aprobou a segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único dos concellos) POS+ADICIONAL 1/2017 por maior achega provincial, no marco das súas Bases

reguladoras aprobadas mediante acordo plenario do 25 de novembro de 2016 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) nº 226, de 29 de novembro de 2016.

Logo de ver que no Anexo a este acordo figura a listaxe completa dos investimentos que se inclúen na 2ª e derradeira fase do POS+ Adicional1/2017 por maior achega provincial, no que figura, entre outras, a obra do Concello de Ortigueira denominada "Acondicionamento do ximnasio e instalacións de protección do CEIP José María Lage", co código 2017.2001.0759.0.

Logo de ver que Mediante Resolución de Presidencia desta Deputación nº 31997 de 21/09/2018 aprobouse un primeiro proxecto modificado desta obra para adaptalo a unha serie de suxestións realizadas pola Consellería de Educación Universidade e Formación profesional.

Logo de presentar o Concello de Ortigueira un segundo proxecto modificado desta obra, que xa está adxudicada, con diminución do seu orzamento, así como a certificación acreditativa da súa aprobación polo órgano municipal competente, o informe técnico xustificativo da modificación, a conformidade do contratista adxudicatario da obra e o resto da documentación administrativa necesaria, e que conta coa supervisión favorable do Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta Deputación.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña

ACORDA

1.- Aprobar o segundo proxecto técnico modificado da obra denominada " Acondicionamento do ximnasio e instalacións de protección do CEIP José María Lage ", incluída no POS+Adicional 1/2017, 2ª e derradeira fase, co código 2017.2001.0759.0, que foi aprobada polo Pleno desta Deputación na sesión realizada o 23 de marzo de 2018, en relación coa Resolución da Presidencia da Deputación 10762/2017 do 26 de marzo de 2018, cun orzamento de contrata de 113.247,51€, que supón unha diminución do seu orzamento respecto ao do proxecto técnico inicial, segundo se reflicte na seguinte táboa:

Proxecto Modificado "Acondicionamento do ximnasio e instalacións de protección do CEIP José María Lage" Concello de Ortigueira POS AD 2017 (17.2001.0759.0)				
		Contrata	Adxudicación	Balxa
PROXECTO INICIAL	Deputación	117.030,04	94.355,80	22.674,24
	Concello	0,00	0,00	0,00
	Total	117.030,04	94.355,80	22.674,24
PROXECTO MODIFICADO	Deputación	113.247,51	91.306,12	21.941,39
	Concello	0,00	0,00	0,00
	Total	113.247,51	91.306,12	21.941,39

DIFERENZA	Deputación	-3.782,53	-3.049,68	-732,85
	Concello	0,00	0,00	0,00
	Total	-3.782,53	-3.049,68	-732,85

2.- A achega provincial a esta obra financiarase con cargo ao crédito consignado na partida 0430/93394/76201 do vixente orzamento provincial.

3.- Notificar esta resolución ao Concello de Ortigueira para os efectos oportunos."

8.- Aprobación da toma de coñecemento da información sobre o período medio de pago a provedores á que se refire o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes de xullo de 2020 e relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña entre o 1 e o 31 de xullo de 2020.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"PRIMEIRO: Tomar coñecemento dos resultados do período medio de pago a provedores calculado cos criterios do Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, na Deputación Provincial da Coruña, no Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e na Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña do mes de xullo de 2020.

SEGUNDO: Tomar coñecemento, así mesmo, da relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación Provincial da Coruña, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña no período comprendido entre o 1 e o 31 de xullo de 2020.

TERCEIRO: Unha vez remitida a información que proceda ao Ministerio de Facenda, acórdase a publicación desta na páxina de internet da Deputación Provincial da Coruña."

9.- Dación de conta da remisión ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, da información da execución orzamentaria da Deputación Provincial e dos seus entes dependentes (Consorcio provincial contra incendios e salvamento da Coruña e Fundación axencia enerxética da provincia da Coruña) correspondente ao segundo trimestre de 2020, en cumprimento do disposto na Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración da información prevista na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril,

de Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Dáse conta da remisión ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, da información da execución orzamentaria da Deputación Provincial e dos seus Entes dependentes (Consortio provincial contraincendios e salvamento da Coruña e Fundación axencia enerxética da provincia da Coruña), correspondente ao segundo trimestre de 2020, en cumprimento do disposto na Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración da información previstas na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

10.- Dación de conta das liñas fundamentais dos orzamentos do exercicio 2021.

Dáse conta das liñas fundamentais dos orzamentos do exercicio 2021, de aprobación pola Presidencia.

11.- Dación de conta do Informe da fiscalización a posteriori dos recursos propios da Deputación provincial e doutros entes públicos correspondentes ao exercicio 2018.

Dáse conta do informe da Intervención provincial sobre a fiscalización a posteriori dos recursos propios da Deputación Provincial e dos recursos doutros entes públicos correspondentes ao exercicio 2018, en aplicación do disposto nos artigos 214, 219 e 222 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, no apartado 34.2 das Bases de execución do orzamento para o exercicio 2017 e da Resolución da Presidencia nº 45329 de 26/12/2019 (de aplicación aos procedementos de fiscalización que se desenvolvan a partir de 1 de Xaneiro de 2019, con independencia de que os actos a fiscalizar sexan anteriores ou posteriores á devandita data), pola que se aproba a "Circular para a substitución da Fiscalización previa de dereitos pola toma de razón en contabilidade e actuacións comprobatorias posteriores" que establece a fiscalización a posteriori polos procedementos de mostraxe que se determinen pola Intervención Xeral, previa toma de razón en contabilidade, das liquidacións de contraído previo, ingreso directo e da anulación de liquidacións referidas a tributos cuxa xestión foi delegada polos Concellos da provincia na Deputación Provincial.

Infórmase sobre o devandito resumo, que conclúe que os actos de xestión e inspección tributaria revisados, así como os de recadación, non presentan erros relevantes e axústanse ao ordenamento xurídico e tributario de aplicación.

12.- Aprobación inicial da modificación da ordenanza fiscal Nº 5 reguladora da taxa por prestación de servizos tributarios

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar a modificación da ORDENANZA FISCAL Nº 5 REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DE SERVIZOS TRIBUTARIOS, modificación (artigos 1, 2, 3 e engádese unha letra f no artigo 6) e redacción íntegra, coa seguinte redacción:

ORDENANZA FISCAL Nº 5 REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DE SERVIZOS TRIBUTARIOS

Artigo 1.- Fundamento Legal.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo art. 106 da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto no art. 132 en relación cos artigos 15 ao 19 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo RDL 2/2004 do 5 de marzo, a Deputación Provincial da Coruña establece a taxa pola prestación dos servizos de xestión, inspección e recadación dos ingresos de dereito público que lle encomenden as entidades locais e corporacións de dereito público da provincia, que se esixirá de acordo ao disposto nesta ordenanza fiscal.

Artigo 2.- Feito imponible.

Constitúe o feito imponible da presente taxa a prestación dos servizos de xestión, inspección e recadación de tributos, prezos públicos ou outros ingresos de dereito público dos que sexan titulares as entidades locais e as corporacións de dereito público da provincia, sendo requisito indispensable para tal prestación a concorrencia das seguintes circunstancias:

1º) Que os servizos dos que se solicite a prestación estean incluídos entre os que por acordo plenario da Deputación provincial se establezan previamente como susceptibles de tal prestación, conforme ás bases aprobadas polo dito acordo.

2º) Que as entidades locais, corporacións ou institucións titulares dos ingresos públicos correspondentes soliciten expresamente a prestación dos servizos establecidos, co contido, alcance e formalidades determinadas polas súas bases reguladoras.

Artigo 3.- Suxeitos pasivos.

Son suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuíntes, as entidades locais e corporacións de dereito público titulares dos ingresos de dereito público cuxa xestión, inspección e recadación se encomende á Deputación Provincial da Coruña, de conformidade coas normas, acordos e as súas bases reguladoras.

Artigo 4.- Devengo.

A presente taxa devengarase anualmente cando se inicie a prestación dos servizos

que constitúen o feito imponible; non obstante, a liquidación e cobro destas levarase a cabo de acordo co disposto no artigo 7 da presente ordenanza fiscal.

Artigo 5.- Base imponible.

A base imponible estará constituída polos seguintes conceptos:

1) A recadación líquida obtida en período voluntario durante o exercicio que se vai liquidar; entendendo como tal o resultado de diminuír, dos ingresos brutos recadados, o importe das devolucións de ingresos indebidos formalizadas, acordadas durante o exercicio.

Para os efectos da cuantificación da cota tributaria prevista no artigo 6 a), para a determinación do importe dos ingresos brutos recadados fíxase un importe máximo de 60.000,00 euros por cada recibo, liquidación ou autoliquidación.

2) O importe das recargas do período executivo recadados no exercicio.

Artigo 6.- Cota tributaria.

A cota tributaria resultará de aplicar á base imponible os seguintes tipos de gravame:

a) O cinco por cento (5%), no suposto 1) do artigo anterior, excepto para a recadación das sancións tributarias que deriven da inspección da Taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no chan, subsolo, ou voo das vías públicas, a favor de empresas explotadoras dos servizos de subministracións de interese xeral.

b) O setenta e cinco por cento (75%), no suposto 2) do artigo anterior.

c) O cincuenta por cento (50%) do importe das sancións da Taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no chan, subsolo, ou voo das vías públicas, a favor de empresas explotadoras dos servizos de subministracións de interese xeral, recadadas no período voluntario e executivo. No caso de que os ditos importes fosen recadados en período executivo, cobrarase tamén o 75% dos recargos do período executivo recadados.

d) Para os concellos que non teñen delegada a xestión, inspección e recadación dos impostos municipais obrigatorios non serán aplicables as letras anteriores, senón as porcentaxes seguintes:

d.1) No caso de que a Deputación asuma a instrución e, a recadación voluntaria e executiva das sancións municipais de tráfico ou dos reintegros e sancións derivados de expedientes de control financeiro:

- O **12,5%** do importe recadado por estes conceptos en período voluntario.
- O **25%** do importe recadado por estes conceptos en período executivo.

d.2) No caso de que a Deputación asuma a recadación executiva das sancións municipais de tráfico:

- A totalidade do importe da recarga do período executivo que corresponda relativo ás sancións que foran efectivamente recadadas.

d.3) No caso da taxa por utilización privativa ou aproveitamentos especiais:

- **5%** do importe das cotas recadadas en período voluntario.
- **75%** do importe das recargas de constrinximento recadadas en período executivo.
- **50%** do importe das sancións que se deriven da xestión e inspección da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no chan, subsolo, ou voo das vías públicas, a favor de empresas explotadoras dos servizos de subministración de interese xeral, recadadas en período voluntario e executivo. No caso de que os anteriores importes fosen recadados en período executivo, cobrarase tamén o 75% das recargas do período executivo.

e) No caso de que, como consecuencia dun convenio, o concello ou outro ente local colabore coa Deputación na inspección do Imposto sobre Actividades Económicas ou calquera outro tributo, o importe da taxa a abonar pola recadación líquida obtida como consecuencia das liquidacións de ingreso directo ou autoliquidacións practicadas deste labor inspector en colaboración será o seguinte:

- O **2,5%** do importe das cotas recadadas en período voluntario.
- O **75%** do importe da recarga de constrinximento recadada en período executivo.

f) Para as Comunidades de usuarios de augas da provincia, que deleguen a recadación dos seus ingresos públicos:

1. No caso de que a Deputación asuma a recadación tanto voluntaria como executiva das débedas:

- O **12,5%** do importe recadado en período voluntario.
- O **25%** do importe recadado en período executivo.

2. No caso de que a Deputación asuma só a recadación executiva das débedas:

- A totalidade do importe da recarga do período executivo que corresponda relativo ás débedas que foran efectivamente recadadas.

Artigo 7.- Liquidación da taxa.

Ao remate do exercicio, e dentro do primeiro trimestre seguinte, o Servizo de Recadación renderá conta por conceptos e titulares dos ingresos producidos durante o período e practicará conxuntamente a liquidación anual da taxa por prestación dos servizos tributarios, calculada conforme ao establecido nesta ordenanza.

Artigo 8.- Normas complementarias.

En todo o non especialmente establecido nesta ordenanza fiscal estarase ao disposto pola ordenanza fiscal xeral e nas bases para a prestación dos servizos tributarios aprobadas pola Corporación provincial.

Disposición final.- A presente Ordenanza Fiscal Xeral derroga a aprobada polo Pleno do 25 de outubro de 2002, así como as súas modificacións posteriores aprobadas mediante acordos plenarios do 28/10/2004, 28/05/2010, 29/04/2011, 24/04/2015, 30/09/2016 e 25/10/2019. Entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e permanecerá vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

2.- O acordo que ao respecto se adopte, expoñerase ao público, no taboleiro de anuncios desta Deputación, durante o prazo de 30 días, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas, en todo caso os anuncios de exposición ao público publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia segundo establecen os artigos 49.b da Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local e o artigo 17 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo.

Unha vez aprobada definitivamente, publicación íntegra do acordo e da redacción íntegra da ordenanza fiscal Nº 5 reguladora da taxa por prestación de servizos tributarios.

3.- Entrada en vigor:

a) Se non se producisen reclamacións contra esta, de conformidade co sinalado no art. 17.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, a ordenanza publicarase no Boletín Oficial da Provincia e entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación.

b) Se se producisen reclamacións, unha vez que se resolvan estas, a Corporación adoptará o acordo definitivo que proceda, aprobando a redacción definitiva da ordenanza así como a data a partir da cal rexerá esta, tras a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia segundo o previsto no art. 17.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo."

ACTUACIÓNS DE CONTROL MOCIÓN

1.Moción sobre a monarquía

O pasado 3 de agosto, a Casa do Rei comunicaba a intención do rei emérito Juan Carlos I de Borbón de abandonar o territorio do estado español ante a polémica xerada polo que considera "acontecementos pasados da súa vida privada". Episodios estes que deron lugar ao inicio de investigacións penais primeiramente en Suíza, e despois a iniciativa da Fiscalía do Tribunal Supremo español, debido á súa condición de aforado.

O ex-xefe do Estado estaría presuntamente implicado en delitos de corrupción, branqueo de capitais e evasión fiscal continuada e de enormes dimensións, feitos que só poden comprenderse pola práctica sistemática de amplos sectores do poder

político, institucional e mediático de mirar cara a outro lado en todos os asuntos que teñen que ver coa Casa do Rei e a monarquía.

Ao contrario do que eses sectores interesadamente nos queren facer crer, as actividades ilícitas do rei emérito distan, e moito, de ser un caso puntual e privado. A sucesión de acontecementos evidencia que a Casa do Rei acumula toda unha serie de episodios que sitúan á monarquía española moi lonxe do seu pretendido comportamento “exemplar”, tan manido como falso.

O caso Nóos custoulle unha condena de prisión ao daquela Duque de Palma, Iñaki Urdangarín, por desvío de fondos públicos e fraude fiscal. O curmán do ex-monarca, Álvaro de Orleáns, actuou de testaferro e parece estar implicado no cobro de comisións multimillonarias pola venda do Banco Zaragozano. O propio Felipe VI figura como segundo beneficiario do patrimonio irregular amasado polo seu pai, sendo coñecedor como mínimo dende marzo de 2019. Ante estas circunstancias, o actual Xefe do Estado Felipe VI permanece calado.

Que a Xefatura do Estado sexa un cargo hereditario, no que ademais os varóns gozan de prioridade na liña sucesoria, é unha anomalía democrática e un anacronismo feudal sobre o que a cidadanía nunca tivo opción de decidir: a monarquía é unha institución imposta polo franquismo tras case 40 anos de ditadura iniciada cun golpe de estado á República.

A experiencia amosa, polas continuas inxerencias dos monarcas en cuestións políticas, que a súa principal función é manter o statu quo herdado do franquismo, o inmovilismo e os privilexios da aristocracia e os poderes fácticos.

O debate sobre o modelo do Estado é rapidamente cercenado: calquera reforma ambiciosa do noso sistema de goberno, como a articulación territorial, a redistribución da riqueza, a radicalidade democrática ou a propia monarquía como institución, choca coa existencia dunha Constitución Española inamovible, blindada para estas cuestións pero vulnerable a modificacións exprés como a do seu artigo 135 para priorizar o pago da débeda sobre a protección dos dereitos da cidadanía.

A complicidade dos partidos dinásticos do réxime do 78 coa monarquía, incluíndo a actual Presidencia do Goberno, resulta escandalosa. Non só se infantiliza a cidadanía furtándolle a posibilidade de decidir sobre unha institución imposta pola vía das armas, senón que se colabora activamente na opacidade, a falta de transparencia e o mantemento dos privilexios de quen utilizou os recursos públicos e o ben común no seu propio beneficio.

O Código Penal ofrece máis protección á Casa Real ca a calquera outra institución ou cidadá a través do delicto de inxurias á Coroa. Pola contra, o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos mantén unha liña xurisprudencial clara, en virtude da cal os

ordeamentos xurídicos non poden outorgar unha protección especial e cualificada aos cargos e institucións que se consideren máis importantes, senón máis ben todo o contrario.

O descrédito da monarquía xa se converteu nun clamor popular, porque pon en cuestión o propio funcionamento da democracia e da xustiza. Cómpre tomar medidas que permitan á cidadanía recuperar a confianza nas institucións e poderes públicos.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial da Marea Atlántica propón ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes

ACORDOS

1. Esixir a celebración dun referendo no que a cidadanía decida sobre a continuidade da monarquía como depositaria da Xefatura do Estado.
2. Condenar a fuxida do rei emérito cando está a ser investigado pola Fiscalía do Tribunal Supremo.
3. Instar ao Goberno do Estado e ao Congreso das Deputadas a que inicien unha investigación parlamentaria polas accións realizadas por D. Juan Carlos de Borbón dende o ano 2014, momento no que deixou de manter a súa condición de inviolabilidade xurídica.
4. Instar ao goberno do Estado a derrogar o delito de inxurias ao rei e á Casa Real recollidos nos artigos 490.3 e 491 do CP, igualando a protección penal da honra desta figura e institución coa resto da cidadanía.
5. Esixir, de probarse os delitos que se investigan, o reingreso as arcas públicas do patrimonio adquirido ilegalmente polo rei emérito.
6. Instar a todas as administracións, a comezar pola Deputación da Coruña, a retirar calquera honra ou título honorífico que ostente Juan Carlos de Borbón.

Sr. Lema Suárez

Bo día, grazas presidente. Suporto que xa leriades todos o contido da moción.

Por facer certa explicación, ou certo contexto, sabemos que no momento no que o Estado español atravesamos unha importantísima crise económica, encabeizando

os rexistros europeos, os rexistros negativos a nivel da Unión Europea, tanto en caída do PIB, como en aumento do desemprego, como en paro xuvenil, estamos nun 41%, pois unha vez máis, e como xa é costume, vimos de coñecer indicios sobradamente sospeitosos novamente de corrupción da Casa do rei, neste caso da figura do rei emérito, don Juan Carlos, que ante esta situación o que fixo foi fuxir, marchar nada menos que a un país que non se distingue por ter unha forma de goberno democrática, nin por unha forma de goberno de monarquía combinada con democracia, non marchou para Noruega, non marchou para Gran Bretaña, marchou para un lugar rexido por unha monarquía absoluta, para os Emiratos Árabes Unidos, que non deixa de ser unha elección moi significativa.

Desde o noso punto de vista isto que acontece pon de manifesto que a inclusión da figura da monarquía no texto constitucional español non deixa de ser unha aberración que vai máis alá, entendemos, da súa xénese, da súa orixe, digamos do conflito de lexitimidade, do feito de que o Rei recibira a coroa dunha ditadura, de mans dun ditador, de mans de Francisco Franco e que xurase por suposto os principios fundamentais do Movemento. Eu creo que vai máis alá diso, eu creo que é evidente que ademais dun conflito de lexitimidade de orixe histórica, existe un conflito que é unha figura, a monarquía, incluída no texto constitucional de xeito excepcional, é dicir, está o texto constitucional aprobado e despois están fundamentos legais e fundamentos de dereito que son preconstitucionais, entre eles, por suposto, xa non digo só a igualdade ante a lei, senón digo tamén as obrigas de rendición de contas ou cuestións que teñen que ver coa protección excepcional que recibe a figura do rei no texto constitucional, onde se lle aclara non só irresponsable, senón tamén inviolable, é dicir, non se pode informar sobre o que fai ou deixa de facer.

Por todo isto nós pensamos que non é unha cuestión persoal, non é unha cuestión de negocios privados do rei, senón que a corrupción non atinxe á figura do rei Juan Carlos, senón que a corrupción é da propia figura da monarquía, ese carácter inviolable, ese carácter irresponsable que ten a figura da monarquía no texto constitucional é a clave da súa propia corrupción.

Nós entendemos ademais que sería inxenuo pensar que a profunda crise económica que atravesamos o Estado español, que é estrutural, que non é puntual, que ten alicerces fondos, está intimamente relacionada tamén coa crise institucional. É evidente que vai ser moi complexo pasar a outra fase, iniciar unha fase de recuperación económica, sen ter en conta tamén estas eivas estruturais que padece o Estado español desde a súa última fundación non ano 78. E unha destas pezas claves, entendemos nós, é a monarquía como institución que simboliza a protección dun xeito, do que podemos entender como a corrupción institucionalizada.

Por tanto, por todo o anteriormente exposto, e por multitude doutras causas e outras cuestións que poderíamos engadir pero que tampouco queremos excedernos no tempo de intervención, como coñecen os presentes, propoñemos os seguintes acordos: Esixir a celebración dun referendo no que a cidadanía decida sobre a continuidade da monarquía como depositaria da xefatura do Estado; condenar a fuxida do rei emérito cando está a ser investigado pola Fiscalía do Tribunal Supremo; instar ao Goberno do Estado e ao Congreso dos Deputados a que inicien unha investigación parlamentaria polas accións realizadas por don Juan Carlos de Borbón desde o ano 2014, momento no que deixou de manter a súa condición de

inviolabilidade xurídica; instar ao Goberno do Estado a derrogar o delito de inxurias ao rei e á Casa real, recollido no artigos 490, 491, igualando a protección penal e a honra desta figura e institución, co resto da cidadanía, do Código Penal; esixir, de probarse os delitos que se investigan, o reingreso nas arcas públicas do patrimonio adquirido ilegalmente polo rei emérito e, por último, instar ás administracións, comezando pola Deputación da Coruña, a retirar calquera honra ou título honorífico que ostente Juan Carlos de Borbón. Nada máis e moitas grazas.

Sr. García Seoane

Eu estou totalmente de acordo coa moción. Eu creo que ninguén nun Estado democrático ten dereito a herdar un país e a rexelo como xefe do Estado e, por tanto, hai moito tempo que se tiñan que tomar medidas, e se deben de tomar medidas a este respecto, eu creo que hai que facer un referendo no país para dicir se monarquía si ou monarquía non. Polo tanto, xa digo, totalmente en contra de que haxa persoas que atribúan dereitos que non teñen e encima manipulen e xoguen e se enriquezan co cargo que teñen que representa a todos os españois.

Sr. Penas Corral

Bo día a todos e a todas, xa vexo que no chat hai un Pleno paralelo. Entendo que a algúns a figura de "Viva España, viva el rei", é a España que eles queren e o rei o concepto de rei que eles queren. Obviamente no Bloque temos moi claro de sempre, non de agora, cal e o concepto e tipo de Estado que queremos e o concepto de tipo de democracia, e o concepto do que é xustiza universal e para todos, e non privilexiada soamente polo feito de chamarte Borbón.

A estas alturas da política penso que está clara a posición do BNG, sobre todo relacionada coa monarquía, en calquera das súas modalidades, concretamente e máis coa exemplar monarquía española. Somos un Partido cunha forte base republicana nos conceptos, nas ideas e nos feitos, e sómolo hoxe, fómolos onte e serémolos mañá, non dependendo da situación do Goberno ou da situación do tempo en que esteamos.

Non entendemos que no século XXI, ese século no que parece que algúns aínda non viven, no ano 2020, haxa temas pouco menos que sagrados e dos que non se pode falar, con independencia e con liberdade, nunha democracia da cal se nos enche a boca cada día de falar. Neste Estado modélico xa non é que non se poida poñer enriba a mesma posibilidade de facer un referendo sobre a forma de goberno, senón que nin sequera se pode falar dunha institución arcaica, anacrónica e sen sentido, á parte, e o principal, profundamente insolidaria co Estado ao que di que representa, insolidaria polo seu orzamento anual, e insolidaria pola súa forma de actuar con respecto ao resto da xente.

Xa non só a monarquía senón todos os círculos concéntricos, neste caso egocéntricos, tamén, que viven do conto, do vello conto, mellor dito. Esa figura da cal algúns se enchen a boca falando de exemplar, modélica, referente da transición, etc., no momento en que comeza a ser investigado por presuntos, e imos dicir presuntos, porque aquí xa sabemos que se dicimos algunha cousa máis, podemos ter represalias, no momento en que comeza a ser investigado colle e fuxe, como dicía o

compañeiro Alberto, a unha monarquía sen tratado de extradición e a unha monarquía modélica pola súa forma de Goberno e de respecto polos dereitos humanos.

Entendemos que a democracia e a liberdade a decidir a forma de goberno que os cidadáns desexan non se fixo no ano 1975, cando se tiña que facer, cando por libre designación dun ditador se meteu con calzador un rei non elixido por ninguén, nin votado por ninguén. Entendemos que o Estado español algo avanzou, un pouco, e chegou o momento de ter a maioría de idade, política e social, para definir o tipo de figura institucional que nos representa a todos, votantes si, pero súbditos non.

É por iso que imos apoiar esta moción presentada polo Grupo da Marea Atlántica, todo que nós seguramente engadiríamos algún aspecto máis, o feito de instar ao Goberno central a que dea unha explicación sobre a participación da fuxida do emérito aos Emiratos Árabes Unidos, un Goberno central onde gobernan partidos de esquerda, que entendemos que tamén teñen unha base republicana, ou semirepublicana ou republicana a veces. Instar ao mesmo Goberno a que nos próximos traballos do CIS se inclúa unha valoración sobre a monarquía, a actuación dos reis, así como preferencia sobre monarquía ou república. Por suposto, instar ao Goberno central a que inicie os procesos necesarios para que se consulta á cidadanía sobre a forma de Estado elixida e non imposta. E, como non, derrogar o delito de injurias á Coroa, como comentou o compañeiro da Marea, do Código Penal, delito que foi utilizado para restrinxir a liberdade de expresión e, como consecuencia, revisar todas as condenas aplicadas a persoas ao abeiro destes artigos, persoas que foron condenadas por injurias e que posteriormente se demostrou que, cando menos, hai algunha posibilidade de que non o foran.

En definitiva, pasamos dun caudillo pola graza de deus a un semideus pola graza do caudillo. Os cidadáns estamos suxeitos a dereitos e obrigas, todos e todas, o único que pedimos en definitiva é que a exemplaridade que venden todos os días os nosos medios de comunicación, que merecerán un estudo aparte sociolóxico, mesmo psicolóxico, co paso do tempo, ese mesmo papel exemplar que se lle aplique, chámeste López ou chámeste Borbón.

En resumo imos apoiar esta moción por coherencia, por sentido común, por democracia, por liberdade de elección e porque non podemos ter unha dobre medida dependendo dos temas ou das persoas que tratamos. Desexamos unha separación de poderes clara e efectiva, onde os culpables, se o son, se o foran, teñan o mesmo trato e posibilidade de defensa, a fuxida non o é, porque recordo que cando foxen outras persoas, algúns partidos levan a man na cabeza, e noutros casos aplauden. Se fosemos algún de nós os que fuxiramos seguramente que xa teríamos toda a modélica xustiza española detrás noso con toda a súa maquinaria. Nada máis, imos apoiar, como xa comentei, a moción da Marea Atlántica. Moitas grazas.

Sr. Rodríguez Martínez

Bo día a todos. Primeiro quero agradecerlle ao Sr. Lema que non fixera un *spoiler* da miña intervención porque hoxe xa tivemos ocasión de debater esta mesma moción no Concello da Coruña, e vou defender o mesmo que defendín alí. O primeiro que teño que lembrarlle ao Sr. Lema é que hoxe presenta aquí unha moción, que xa non se trata de se hai que debatela ou non aquí, é que teño que lembrarlle que

vostedes gobernan en Madrid, Sr. Lema, vostedes son o Goberno de Madrid, polo tanto, vostedes, entre as cousas que piden, que é un referendo sobre o modelo do Estado, poden convocalo cando queiran, é dicir, a Constitución no seu artigo 92 dío claramente, as decisións políticas de especial transcendencia poderán ser sometidas a referendo consultivo de todos os cidadáns. Polo tanto, non necesitan pedilo aquí, teñen vostedes a posibilidade de falar co seu vicepresidente, senón comunican con el, falar coa súa ministra, con Yolanda Díaz, en fin, teñen opcións para poder exercer esa influencia. Pero son Goberno, polo tanto, son Goberno do Estado, exerzan a súa influencia.

E de igual xeito, tamén teño que dicirle ao Sr. Penas que vostedes son socios prioritarios dese Goberno en Madrid, polo tanto teñen alí un deputado a través do cal poden exercer a súa influencia, é máis, vostedes teñen un pacto de investidura, pois poderían telo incluído aí. É certo que visto o grao de cumprimento dese pacto de investidura estaríamos igual nas mesmas e terían que traelo tamén aquí, porque non se está a cumprir absolutamente nada dese pacto, pero en todo caso, insisto, non é necesario, exerzan uns a súa competencia outros a súa influencia.

En relación ao que vostedes pretenden, realmente para vostedes o rei emérito é unha escusa, vostedes o que queren é abater o sistema, cambiar o modelo de Estado, pero en todo caso traen aquí unha moción cunha serie de inexactitudes que non podemos deixar pasar, é dicir, está moi ben construír un relato sobre a república, pero non está ben facer, en vez dun relato, facer un conto, e vostedes están a facer un relato da república a base de facer contos sobre a monarquía. Por que non é certo, non se axusta á realidade, é un conto, dicir que acontecementos da vida privada do rei emérito deu lugar ao inicio das investigacións penais, esa non foi a orixe, é un conto dicir que o Xefe do Estado estaría implicado en varios delitos, mesmo aquí se fala de fuxida e de actuación da xustiza, cando nin sequera estamos falando de alguén que estea ou teña a condición de investigado en ningún procedemento xudicial, iso sería outra cousa, e entón, por suposto terá que actuar a xustiza. É un conto tamén dicir que a monarquía é unha institución imposta pola vía das armas, en 2020 estamos con esas. É un conto dicir que a cidadanía non tivo a opción de decidir, sobre iso falarei a continuación.

Polo tanto, dicir que son continuas as inxerencias dos monarcas nas cuestións políticas e que a súa principal función é manter o status quo do franquismo, na nosa modesta opinión, iso non é serio.

Do rei emérito, voume deter moi pouco, porque insisto, para vostedes o rei emérito o que é unha escusa, pero non se pode negar a importancia, a transcendencia do seu papel na devolución da soberanía nacional ao pobo, é dicir, ningún rei foi investido co poder co que foi investido Juan Carlos I, e falaba antes o Sr. Lema da crítica á elección do destino actual do rei, non, mire, pero que a elección que realmente importa é a que fixo naqueles momentos, cando foi investido co maior poder que calquera monarca do noso país tivo na súa historia, pero el optou por converter España nunha democracia plena a través dunha monarquía parlamentaria. Foi o pobo, non só o rei, quen trouxo a democracia a este país, pero penso que, incluso nas circunstancias actuais, é mesquiño negar a súa relevancia no proceso de transición que deu paso ao maior período de paz, progreso e liberdade da historia do noso país. Pero insisto, no me deteño máis aquí, porque vostedes o que queren é

abater o sistema. Vostedes queren gañar contra o rei emérito o que cada catro anos veñen perdendo nas urnas, e explícome, desde o regreso da democracia votouse catorce veces e en cada unha desas ocasións cadaquén presentouse co seu programa e defendendo o seu propio modelo de Estado. Queren cambiar o modelo do Estado?, por suposto, queren convocar un referendo?, fagan un referendo, e se queren cambiar o modelo do Estado, acaden a maioría necesaria. Esa maioría non é un teito, non é un límite, o que é esa maioría, señores da Marea e señores do BNG é unha garantía de consenso, polo tanto, pensamos que esa é a opción.

Pero é que ademais a través deste tipo de mocións, vostedes esvaran determinadas cuestións, como que realmente parece que aquí é máis demócrata ser republicano que ser monárquico, e iso non o podemos tolerar, hai cinco séculos que morreu xa Maquiavelo, é dicir, hoxe non temos que optar entre un goberno sometido a vontade absolutista dun príncipe ou un Goberno sometido á vontade do pobo, hoxe en día a monarquía parlamentaria representa tanto ou máis que segundo que república, un estado de dereito con maiúscula, cunha diferenza que é a da institución da xefatura do Estado, pero iso non ten nin a máis mínima incidencia na calidade democrática dese Estado.

Polo tanto, as probas están aí, somos, xa dixen, unha das vinte democracias plenas do planeta, esa lista encabézaa outra monarquía parlamentaria, no terceiro lugar está outra monarquía parlamentaria, no quinto lugar está outra monarquía parlamentaria, polo tanto non é ningunha eiva para que se encabecen esas listas.

E remato xa, a monarquía parlamentaria consagrada na nosa Constitución non é filla de Franco, é filla dun proceso constituínte exemplar e internacionalmente recoñecido e, polo tanto, é filla do pobo, do que emanan os poderes do Estado como a propia Constitución recoñece, pobo que si tivo a opción de decidir, e o fixo de modo abafante a favor o 8 de decembro de 1978. Xa sei que me van dicir que gran parte da actual poboación española non votou, eu mesmo non votei, nin tiña a idade, quero xa deixalo claro por se acaso alguén dubidaban, non, non tiña idade para votar no ano 1978, tampouco votei a Declaración Universal dos Dereitos Humanos, e non por iso me parece un motivo suficiente nin para tombar unha cousa, nin para tombar a outra. A monarquía parlamentaria, na nosa opinión, encarna e simboliza a reconciliación, a recuperación dos dereitos e liberdades, entre elas a presunción de inocencia, que a reclaman para todos, non?, pois para todos, a presunción de inocencia tamén, simboliza a unidade da nación, representa, polo tanto, todo o que nos une, por enriba do que nos separa e por todo isto que estou a referir, o noso voto, evidentemente, vai ser contrario á súa moción, pero desde o respecto á súa postura. Queren un referendo?, pódeno convocar sen que nós teñamos que apoiálo, hai un procedemento, hai unha maioría, e por suposto, o que tampouco podemos é deixar de recoñecer que aquí se veña a dicir que a propia Constitución é preconstitucional, non, o que está aprobado, sancionado e referendado por practicamente o 90% da poboación, no seu momento, é constitucional. Polo tanto, aí teñen as claves, aí as teñen, exerzan a súa competencia como Goberno señores da Marea, exerzan a súa influencia como socios prioritarios en Madrid, señores do BNG, e eu non me vou desmarcar dese chat paralelo e por suposto tamén finalizarei a miña intervención con un "Viva o Rei".

Sr. Fernández Piñeiro

Moi bo día a todos e a todas. A verdade é que os que me coñecen a título persoal, ou me coñecen máis polo miúdo, escoitaríanme dicir isto en moitas ocasións, polo tanto, non o digo só neste caso que hoxe nos ocupa, e é que estou plenamente convencido de que un dos piares dun sistema xudicial, democrático, é a presunción de inocencia, unha presunción de inocencia que nos últimos tempos e xa desde hai unha longa temporada no noso país está totalmente zapateada, se se pode dicir así, en gran medida por nós mesmos políticos, que nos equivocamos e erramos aplicando a presunción de inocencia só cando determinados casos xudiciais afectan aos nosos compañeiros, e non tendo a mesma xenerosidade, xa non cos demais, senón xenerosidade democrática de aplicarlles aos demais. Estamos vendo nos últimos días por parte do Partido Popular, con casos que afectan a Podemos, ou vemos con casos que afectan ao Partido Popular por parte de Podemos, incluso por representantes do meu Grupo tamén, e do BNG; e doutros, etc., etc. Por tanto, é triste que nun estado democrático no que todos pretendemos defender a democracia e non hai ningunha dúbida diso, e traemos unha moción, precisamente, na que neste caso a Marea fala da democracia e de como mellorar ese estado democrático desde a súa óptica, ao final caíamos na trampa, e que nós mesmos nos poñemos, de non respectar a presunción de inocencia.

De aí que haxa determinadas cuestións que se contemplan nesta moción que non podemos apoiar, porque non hai ninguén condenado aínda por eses feitos. Uns feitos que serán xulgados no seu momento e dependendo de cal sexa o resultado dese proceso xudicial haberá que adoptar unhas ou outras medidas, ou outros posicionamentos, pero en tanto iso non suceda non deberíamos de caer nese perigoso xogo de condenar publicamente a calquera, sexa o rei emérito, sexa un deputado, sexa un concelleiro, un alcalde ou calquera outro cidadán. Se pedimos que todos sexamos iguais ante a lei, incluída a Casa real a través desa modificación que se propón nesta mesma moción, non podemos, repito, caer na trampa de aplicalo á inversa e que non sexamos todos iguais, se somos todos iguais ante a lei, todos temos dereito a presunción de inocencia.

Hai comportamentos, e iso si o podo compartir, do rei emérito que loxicamente non compartimos, valga a redundancia, non podemos compartilo, ninguén, independentemente que sexa republicano ou monárquico. Hai determinados comportamentos, incluso de persoas da familia real, que foron condenadas, polo tanto ese é digamos tamén un bo exemplo de que o sistema de dereito e xurídico neste país funciona, repito hai membros da Casa real que foron condenados e que foron a prisión por cometer delitos, polo tanto, o sistema que temos funciona e iso debe congratularnos a todos e a todas. Funcionará loxicamente con problemas, con deficiencias, como todos, non hai ningún sistema perfecto, e nós mesmos que xestionamos administracións tamén cometemos moitos erros, iso non quere dicir que se faga de forma deliberada, e polo tanto, refírome a que todo é mellorable. Pero neste caso non podemos tampouco compartir que se utilice unha circunstancia coma esta para facer un *casus belli* contra a monarquía, e nós, eu non son sospeitoso de ser monárquico, considérome republicano, pero eu son dos que digo que este tipo de debates temos que abordalos desde a tranquilidade, desde a calma, e non nun momento coma este, porque a situación concreta que estamos a tratar podería influír nunha visión dunha institución que debemos de analizar doutra maneira, analizando

no seu conxunto como institución, independentemente dos comportamentos que poidan ter algún dos seus membros, do mesmo modo que ninguén formula modificacións, polo menos da Constitución, para cargarnos determinadas institucións que as persoas que estiveron ao seu fronte en determinados momentos tamén tiveron comportamentos que son perfectamente reprobables, delitivos, e que cometeron, valla a redundancia, delitos, aproveitándose precisamente dos postos que tiñan nesas administracións, podemos falar de ministros, duns e doutras cores, incluso de países nos que hai unhas repúblicas moi asentadas, como pode ser Francia, nos que membros do Goberno, incluso algún expresidente da república, foron encausados e condenados. Polo tanto, tamén por desgraza para nós, para os que somos republicanos, tampouco a república é un garante de que non vaian existir comportamentos inapropiados, ou non vaia existir corrupción, porque eu son dos que digo, e tamén o mantiven en moitas ocasións, que a corrupción depende das persoas, non depende nin da cor política, nin dun partido, nin de que un estea nunha institución ou noutra, simplemente é unha cuestión de honradez, de honestidade e, loxicamente, para o que non o é, para quen non é honesto, nin honrado, pois de oportunidade, loxicamente se tes un posicionamento de poder é moito máis fácil en moitas ocasións adoptar determinados comportamentos, como digo, que son ilícitos ou que aproveitas para cometer delitos.

Por tanto, diciamos hai dous días no último Pleno, que temos a obriga de ser exemplares, pois empecemos a ser exemplares todos e a aplicar esa presunción de inocencia. No momento en que haxa unha condena ou datos e feitos probados queden constatados, e se cometeu algún tipo de delito, nós seremos os primeiros en apoiar algunha das cuestións que se propoñen nesta moción, pero en tanto iso non suceda non deberíamos caer, como digo, nesa trampa. É verdade que para modificar a Constitución ou para dar cumprimento a este primeiro punto do acordo e ao posible resultado que puidera ter ese acordo, teríamos que modificar a Constitución, sería un paso previo, porque non tería sentido facer un referendo cuxo resultado despois non puidera cumprirse, o único que se daría é certo desasosego, se pode dicir, entre aqueles que voten.

Eu non comparto, e dígoo honestamente, e non son sospeitoso de defender a monarquía, non comparto iso de que o rei estea fuxido, o rei non se atopa en España pero sábese onde está, e dixo que estaba a disposición da xustiza. Mentres non se lle chame a declarar, e mentres el, en tal caso, non viñera, aí si que poderíamos dicir que esa persoa se atopa fuxida, pero en todo caso hoxe en día penso que xa dixo onde está, se sabe onde está e, polo tanto, e ademais dixo publicamente que está disposto a regresar a España se a xustiza así o requirise. Polo tanto, dentro das súas liberdades el tamén ten a de movemento mentres un xuíz non decida o contrario. E se queremos ademais, como dicía antes, que a monarquía, e iso compártoo totalmente, teña o mesmo tratamento que calquera outro cidadán, non a propia monarquía como institución, senón as persoas, ao final do que se trata, como digo, empecemos por darlles o mesmo tratamento, tanto nas súas obrigas pero tamén nos seus dereitos como cidadáns. Neste caso, xa digo, nós hai algunhas cuestións que podemos compartir desta moción, pero no mesmo que co acordo do último Pleno, non somos moi dados a adiantarnos aos feitos e, polo tanto, somos moi respectuosos cos tempos da xustiza, esperamos a que a xustiza actúe, confiamos na xustiza e, unha vez que se poida demostrar, se é que é así, que estes feitos que aquí se describen son verdade, ou que se achacan neste caso ao rei emérito, si que apoiariamos algunha

destas cuestións, pero mentres iso non pase, loxicamente non o fariamos e, en todo caso, serían decisións tomadas contra a figura desa persoa que utilizou esa institución, ou o seu cargo, supostamente, se fora así acreditado, para cometer algún delito, non contra unha institución, non son partidario de facelo así, son partidario de abrir un debate sosegado sobre o noso estado democrático, e como debe de ser, e abrílo aos cidadáns, loxicamente porque teñen dereito a expresarse, pero tamén comparto a reflexión que facía o voceiro do Partido Popular en canto a que este sistema que temos foi votado, e foi votado amplamente, esa Constitución polos cidadáns deste país.

Polo tanto, tampouco me gustan determinadas afirmacións ou termos que se utilizan nos últimos tempos por algún grupo, como iso de chamar réxime do 78 a un proceso de transición democrática que, loxicamente, corenta e dous anos máis tarde pódese ver con moitísima máis facilidade, digamos, ou podemos ver e entender que sería todo ou que podía ter sido doutra maneira de adoptar outras decisións, pero as cousas hai que velas no seu propio contexto, a toro pasado poderíamos evitar moitas das desgrazas que vén sufrindo a humanidade ao longo de toda a nosa historia, pero hai que ter en conta que as cousas suceden cando suceden e hai que analízalas no contexto dese momento, e ese proceso de transición levou a este país, como ben se dicía antes, a uns momentos da súa historia de máis progreso e de máis liberdades, e polo tanto, tampouco podemos chamalo réxime do 78 a aquilo que foi unha transición na que deixamos atrás unha ditadura para pasar a unha democracia, e o fixemos ademais sen un derramamento de sangue, máis alá dalgún dos atentados que todos coñecemos no seu momento, pero non a través das armas, dunha guerra fratricida como foi a guerra civil. Aquí fixemos un tránsito, por iso se chama transición, relativamente pacífico, que nos levou á situación na que estamos agora, que é mellorable, desde todos os puntos de vista, pero tampouco podemos chamarlle réxime do 78 ao que foi unha transición, e non comparto en absoluto. Nada máis e moitas grazas.

Sr. Penas Corral

A verdade é que non tiña pensado replicar, pero ben, despois dalgunhas frases gloriosas, que hoxe se comentaron aquí, polo menos merecen que se saiba a opinión do BNG.

Primeiro de todo faime graza que nós con un deputado en Madrid sexamos socios prioritarios, é impresionante o que podemos facer soamente cun deputado, pero ben, hai que telo en conta, porque cando teñamos máis non sei o que seremos capaces de facer, igual si que tiramos a monarquía.

Di o Sr. Rodríguez que obviamente nós queremos abater o sistema, non, nós non queremos abater o sistema, nós o que queremos é mellorar o sistema, que sexa un sistema máis áxil, máis dinámico e máis democrático. Os que queren abater o sistema son curiosamente os seus socios de Goberno en moitas comunidades, e mesmo penso que nalgún concello, que son os señores de VOX, eses si que queren abater o sistema e si que son partidarios da figura, aínda se demostrou onte no Congreso dos Deputados, da figura que colocou ao tan afamado rei emérito. Entón, cando falemos de abater o sistema, falemos dos nosos socios primeiro e despois miremos os demais, nós non temos ningún interese en abater o sistema, a proba está

en que en todas as institucións onde nós estamos traballamos para mellorar, para modificar democraticamente e legalmente o sistema, pero nunca abater, abater se abate con pistolas e con tanques, e nós iso non o fixemos nunca, si que se fixo nalgún país do cal o rei emérito é bastante admirador curiosamente.

Fálame de que a monarquía é filla do pobo, xa o único que me faltaba por escoitar. Penso que teremos que cambiar toda a historia, mudar as revoltas irmandiñas, a revolución francesa, os comeneiros de Castela, etc., etc., cambiar os lemas porque resulta que a monarquía é o símbolo do progreso, da calidade de vida e da democracia e da liberdade, é o único que nos quedaba por escoitar, pero ben, eu entendo, respecto, como non pode ser doutra forma, as ideas do Partido Popular ao cal representa Rodríguez, neste caso, pero obviamente de aí a que a monarquía sexa filla do pobo. Votouse un modelo de Estado xa hai corenta dous anos, como comentaba o voceiro do PSOE, pero os modelos de Estado pódense mellorar, nós o que pedimos é que mellore, non derrocalo, insisto.

Si que é certo unha frase que comentou, que o rei, o emérito e o actual, simbolizan a unidade da nación, é por iso polo que vostedes son os seus fans número un, porque o que lles importa realmente non é xa o modelo de Estado, porque antes non había monarquía, tampouco tiñan moita queixa, senón realmente a unidade da nación, que é realmente o importante no seu discurso de fondo. Non soamente lles preocupa a vostedes, senón que lles preocupa tamén ao rei emérito e ao rei actual coa súa destacada intervención no caso de Cataluña, caso de Cataluña curioso porque cando fuxiu o presidente da Generalitat de Cataluña, Puigdemont, vostedes e outros Grupos políticos que están aquí levaron a man a cabeza e comezaron a preguntar de onde saían os cartos, cal foi a función que tiveron os mossos de squadra, cal foi a función que tivo a Generalitat de Catalunya, etc., etc, a mesma pregunta, como é lóxico, e aplicando os criterios de igualdade sobre as persoas, non sobre as institucións, sobre as persoas, teríamola que aplicar neste caso. É certo que o rei emérito non foi condenado, de momento, si que hai sospeitas simplemente, ou xa é moito, pero o rei emérito foi a un país curiosamente nese proceso, presuntamente con cartos do Estado e cartos que poñemos todos nós, é lóxico que a Marea, que nós, ou que outros Grupos se pregunten, cando menos, de onde saíron eses cartos e cal foi a función do Grupo de Goberno en Madrid para darlle apoio a esa, senón fuxida, digamos que esa viaxe de vacacións alongado, xa que non foi fuxida, serán vacacións.

Para rematar, porque realmente hai moitísimo que falar, e moitísimo que argumentar, pero penso que estaríamos aquí toda a mañá uns e outros. Simplemente concretar no que comentou Bernardo, a visión da institución non está prexudicada polo que diga o BNG, ou polo que diga Marea, ou polo que diga penso que ninguén de nós, a visión da institución está prexudicada polos seus actos, e se alguén prexudicou claramente á monarquía, que xa non tiña moi boa fama, polo menos toda a fama que nos queren vender algúns, foi a actuación do rei emérito, as actuacións do rei emérito, as persoais, e as non tan persoais, polo tanto, se alguén está prexudicando esa imaxe da marca España, esa que algúns adoran tanto, e a imaxe da monarquía é o propio rei emérito, non é neste caso o Bloque Nacionalista Galego.

E xa para rematar eu doulle a benvinda ao PP ao século XXI, porque agora que está de actualidade o tema de Meirás, eu pódolle recordar, cando comezou o tema da

reclamación de Meirás, pódolle recordar cal era a actitude do Partido Popular, mesmo do presidente do noso país, de Galicia. Cando o Bloque comezou a falar do tema de Meirás, Feijoo dixo que era cousa máis ou menos de franquistas, agora ponse a medalla de que foi a Xunta o principal promotor do tema de Meirás, custoulle penso que foron seis ou sete anos, non pasa nada, creo que estamos afeitos a que o PP tarde moitos anos en subirse ao carro do divorcio, ao carro do aborto, ao cambio das leis de igualdade, entón entendemos que de aquí a uns trinta, corenta anos, no tema da monarquía seguramente que o PP xa comezará a entrar no século XXI e poderemos falar en condición de iguais. Moitas grazas.

Sr. García Seoane

Fálase da Constitución. Os que temos anos, e que vivimos aqueles momentos, incluso eramos perseguidos naqueles momentos, estabamos na lista negra da noite dos coitelos longos, como era eu, sabemos un pouco do que se viviu naquela época, e como se viviu. A Constitución foi condicionada por Franco, antes de morrer puxo a persoa que querían, confabulados coa CIA, porque se ía o Goberno ao c..... de Franco, e había que tirar para adiante e que non houbera unha nova confrontación, que perderían con toda seguridade, que non era o ano 36, confabuláronse e fixeron unha Constitución condicionada, totalmente condicionada, e que aos demais non lles quedou máis remedio, polo ben do país, como fai ao Partido Comunista, ao Partido Socialista e outros, non lles quedou máis remedio que tragar, e digo tragar naquel momento para ben do país para tirar para adiante, e daquela situación na que nos encontrabamos.

Fálase de méritos do rei, eu non sei que mérito...., se miramos a historia dos reis no mundo vese que se mataban uns aos outros para acceder ao cargo, mataban a irmáns, mataban a primos, mataban a pais, iso está a historia aí, que eu non a escribín, e na historia desa España recente puidemos ver que houbo un accidente dun tiro, por tanto un dos candidatos desaparece por ese accidente desgraciado, logo se traizoa ao pai, etc., etc, é dicir, para acceder a aquel cargo que o franquismo quería a aquela persoa, non quería ao pai desa persoa.

Polo tanto, os méritos do rei, me parece que case todos se refiren sempre ao golpe do Estado do 81, e aquel golpe de Estado nunha España que estaba indo a unha transición, e que había unha situación gravísima de posible volta atrás, e non interesaba a ninguén porque había un negocio, había un comercio, era un país que tiña moito que comprar, moito que acceder, pois naquel momento a CIA, novamente, a CIA novamente prepara un golpe de Estado en combinación con varios, entre eles todos os que estaban naquel momento no poder, para tirar para adiante, desfacerse duns e seguir con outros, e aquilo foi a CIA, o que non o queira ver así, está cego. Foi como a voadura de Carrero, Carrero quería impoñer o réxime franquista e a CIA cargouno, non foi a ETA. Era como o tema aquí de Foucellas, quen matou aquel?, foi Foucellas, non, non era Foucellas, era a CIA que facía o traballo... esa perfección desa voadura como a das torres xemelgas, esa perfección non a logran dous loucos, nin dúas persoas visionarias, lógrana persoas malas que analizan e durante tempo ven como hai que facer para acabar con aquel obxectivo que lles pode facer dano, polo tanto, xogo de tronos.

E agora eu cánsome de ver na televisión o mérito do noso rei. Ese señor, xa digo, a historia está aí, o que a queira ver que a vexa. Ao rei non se lle pode xulgar, e

os delitos que tiña, porque supostamente os ten, supostamente os ten, van prescribir, cando os dean xulgado xa non hai delito ningún, e vaise de rosñas para casa como moitos dos xuízos que está habendo con persoas influentes e importantes neste país. Polo tanto, o rei está protexido pola Constitución condicionada, o que era rei, que segue sendo rei, pola Constitución condicionada, prescriben os delitos e, por tanto, seguimos máis do mesmo. Eu, o que non acabo de ver, e podo entender ao Goberno da nación, non é o momento para facer ao mellor un referendo, pero o PSOE que eu coñecín e respecteí toda a miña vida, o PSOE é un partido republicano, outra cousa é predicar e outra dar trigo, cando estás no poder a veces estás condicionado a, e sei que non é o momento ao mellor de facer ningún referendo, pero non pode haber persoas importantes, influentes do PSOE a nivel nacional, que se desacreditan, que están a altura do chan neste momento, como puido ser o Sr. Guerra, caéndolle a baba cando fala da monarquía.

Paréceme grave que persoas cunha autoridade, que a tiña, que eran respectados, e eu respectaba, paréceme grave este tipo de actuacións neste momento por parte do PSOE un partido republicano. Por tanto, esperemos que algún día alguén se atreva neste país a facer un referendo e veña realmente un estado republicano. Porque, cal é o problema do estado republicano, Alemaña é un estado republicano, Estados Unidos é un estado republicano, Arxentina, México, etc., moitas de países no mundo, e non pasa nada. Por tanto, temos que ir á república porque na república o presidente elíxese cos votos, non se elixe por dinastía, por ser o meu papá, e o meu avó e o meu bisavó, que foron uns verdadeiros c..... que masacraron a montóns de persoas no mundo durante os seus reinados, e que veñan presumindo de herdar o país polos seus antepasados, paréceme indignante. Polo tanto, espero que algún día haxa unha república neste país, eu son republicano.

Sr. Lema Suárez

Dicir que eu creo que o debate sosegado estase a ver que é complexo porque este país ten a historia que ten e é imposible negala. Eu non vou facer aquí valoracións sobre cal foi o rol, o papel do rei na transición española, desde logo non creo que a democracia sexa unha concesión graciosa da súa maxestade, creo que esa lectura non a fan nin os máis acérrimos monárquicos do país. Creo que hai moitísimas outras cuestións implicadas nesa historia recente, estou seguro de que excedería moito o marco deste debate. Pero ben, eu creo que cando menos esa lectura do rei como pergeñador, ou conquistador dos dereitos democráticos dos que actualmente gozamos, a verdade é que resulta moi difícil defendela, moi difícil defendela e, ben, por outros episodios máis escuros aos que tampouco é necesario que me refira agora.

O que si, sobre o debate que se suscitou, quería comentar un par de cuestións. Unha delas é a presunción de inocencia, a pregunta que se infire desa presunción de inocencia, entón presuntamente por que está o rei nos Emiratos Árabes Unidos, un país co que non está asinado un tratado de extradición, ou sexa, ao mellor podemos pensar que está presuntamente en viaxe de negocios, que nos conta que ten feito moitos alí, ou iso semella, ou de vacacións, pero tal vez sexa a propia marcha, a propia fuxida, a que confirma certas sospeitas, ou certas filtracións e coñecementos, sempre por vía de prensa estranxeira, que tivemos sobre a súa conduta, indican que tal vez a súa marcha non sexa unha presunta fuxida, sexa unha

marcha real e auténtica.

En canto á cuestión de fondo, que eu creo que vai, desde logo, máis alá da figura persoal do ex-rei Juan Carlos, e que ten que ver coa propia institución da monarquía, claro que as institucións son corruptas e non as persoas, aínda que entendo que a nivel de dereitos non sexa así, que sempre sexan as persoas responsables, non as institucións, pero unha institución como a monarquía española, que ten este carácter sagrado, este carácter inviolable, este carácter irresponsable, por suposto que é unha institución en si mesma corrupta. Cando se pretende desde o Partido Popular e desde outras instancias equiparar a monarquía española á inglesa por exemplo, que, efectivamente, é onde nace a institución, a monarquía parlamentaria, despois por certo de varios episodios cruentos, non vou vir aquí a evocar agora, pero despois de Oliver Cromwell, e doutros, cando se chega a ese pacto, alí pódese informar libremente sobre o que fai a Casa real, alí pódese dicir que parte da súa conduta se considera facer escrutinio público dela, neste país, neste Estado, non. Entón, monarquía parlamentaria parece que é un absoluto, parece que son todas un paquete que compras enteiro, que son todas idénticas, pero en absoluto, en absoluto a monarquía española ten unha especial protección. E esta especial protección non vén derivada do feito de que en España non haxa e non houbera cando se fixo a Constitución, xuristas que souberan dotar a figura da Casa Real Española, da monarquía na Constitución, dun carácter máis aberto e máis transparente, en absoluto, en absoluto, non, non, iso fíxose porque, entre outras cuestións, por suposto a transición foi un pacto entre o réxime que fenecía, que desaparecía e o novo réxime que tentaba aparecer. E entre esas condicións, unha delas, por suposto, era esa condición de inviolabilidade e desta excepcionalidade da institución monárquica e, polo tanto, aí unha vez máis, a lexitimidade, a orixe, a historia, e a lei, e o que despois se constitúe en lei, son absolutamente lóxicas e son absolutamente coherentes a unha coa outra.

Pero, por non levar esta cuestión moito máis alá, eu entendo que eu vou facer coincidir as declaracións cos feitos, e vou facer coincidir a declaración de federalismo coa aposta polo federalismo, e vou facer coincidir a declaración dunha situación, ou dun partido político, como republicano, coa defensa afectiva da república. Entendo que ningún momento será bo para isto, entendo que vai ser sempre complexo, pero en todo caso creo que a nosa posición, a proposta que traemos nesta moción, é completamente lexitima e completamente oportuna. Nada máis e moitas grazas.

Sr. Rodríguez Martínez

Moi brevemente porque non considero que haxa moito máis que engadir ao que xa dixemos na nosa primeira intervención. Si que hai que facer unha serie de puntualización a cuestións que se dixeron nesta segunda quenda, pero xa anticipo que non vou volver a facer uso da palabra. Cando falamos do tema dos contos, é verdade, porque a veces se ten a idea de que un conto repetido moitas veces pode chegar a ser verdade, e non é verdade. É dicir, o Partido Popular, que non é necesario dicir que é un Partido nacido en democracia, por e para a democracia. Por iso, entre outras cousas, defendemos a Constitución e o modelo de Estado que está reflectido nesa Constitución, e que actualmente pola vontade expresada polo pobo español é unha monarquía parlamentaria, ben, pois este Partido non goberna con VOX en ningún lado, pero claro aquí facemos cirurxía coas palabras porque cando uns pactan

con aqueles que si queren abater, dicindo abater no sentido de sortear ou vulnerar a lei, no que se fala de pactos de investidura, se edulcora, méteselle gasosa, pero claro, non, cando eses pactos de investidura que é o que si ten o Partido Popular noutras partes do territorio nacional, non aquí, nin na provincia da Coruña nin en Galicia, pero si onde está, non, entón é que gobernamos con eles. A ver, aquí, ou todos gobernamos, ou todos facemos pactos de investidura, ese tipo de disquisicións parecen pouco defendibles.

Eu non sei se pronunciei algunha frase digna de ser cualificada como gloriosa, a min paréceme gloriosa a referencia a que fai falta un estudo psicolóxico para saber por que a xente apoia un determinado modelo de Estado, iso si que me pareceu máis glorioso ca o que eu puiden dicir.

En todo caso lamento se cometín un erro ao pensar que vostedes en Madrid, señores do BNG, tiñan máis influencia da que tiñan, mesmo confundíume o bombo co cal anunciaron ese pacto de investidura e todo o que tiñan conseguido para Galicia, senón é así, síntoo, a verdade é que é certo que a min me segue a sorprender cada vez que collo a AP9 que me sigan cobrando, porque eu xa daba por feito que desde marzo a AP9 ía ser totalmente gratuíta, debe ser que ten vostede razón e realmente pintan menos do que eu cría.

A segunda cuestión que me pareceu moi rechamante que vostede meta no mesmo lote esta saída de España do rei emérito coa de Puigdemont, aí si que teño que darlle a razón, iso si é unha fuxida, esa é a diferenza, penso que non hai que dicir moito máis ao respecto. Nós estamos en contra de todas as ditaduras, de todas, teñan a forma que teñan porque aquí acaba incluso de facer referencia o Sr. Lema a que as monarquías parlamentarias están ben, pero non van todas no mesmo lote, porque hai unhas monarquías parlamentarias e outras monarquías parlamentarias, que dicirille entón das repúblicas, iso tamén pasa coas repúblicas, porque hai ditaduras que teñen forma de república. Cando antes falabamos do estudo de The Economist sobre cales eran as mellores democracias, ou onde hai maior calidade de democracia, e eu dicía que estaban Suecia, Dinamarca e Noruega, no posto 1, 3 e 5 desas democracias no planeta, e que entre as vinte democracias plenas estaba o noso país, pois teño que dicirille que esa lista quen a pecha son dúas repúblicas, Rusia e China, pero tamén podemos falar doutras repúblicas onde temos exemplos claros de que o modelo de elección non garante que se vaia a acertar, efectivamente, na xefatura do Estado, e ben, temos tamén outro tipo de repúblicas que xa nin sequera entran nesa categoría ou non compiten na categoría das democracias, temos a República de Venezuela, a república de Irán, ou a República de Cuba. Polo tanto, se estamos falando de modelo de Estado, falemos do modelo de Estado, non mesturemos, non embarremos, falando da figura dun rei, que xa non o é, para intentar xustificar o porque non temos que ter unha monarquía parlamentaria que garante un estado de dereito.

Non me vou deter, gustaríame por deformación profesional, falar do que aquí se ten comentado da inviolabilidade do rei, pero esa é unha cuestión técnica perfectamente xustificada na Constitución, pero que non ten que ver con que veña imposta polo réxime anterior, non, ten que ver con que precisamente o rei carece de competencias e non goberna, calquera acto do rei ten que ser posteriormente sancionado ou referendado, e por iso e de aí que non teña responsabilidades polos

seus actos, porque non teñen alcance nin contido político ningún. Pero ben, iso daría para unha cuestión moito máis técnica, que non é tampouco hoxe o lugar.

En fin, alegrámonos que nos recoñeza o Bloque que estamos no século XXI, aquí esperamos por outros que parece que aínda están no XX ou incluso moito máis atrás. Máis nada e grazas pola paciencia.

Sr. Fernández Piñeiro

Moi brevemente comentar que sobre o punto seis desta moción, na que se solicita a todas as administracións, comezando pola Deputación a retirar calquera título honorífico que ostente Juan Carlos de Borbón, comentar que nesta institución non ten ningún. Polo tanto, non habería xa en todo caso que adoptar tampouco ese acordo.

E despois o que comentaba antes, este non é un debate sobre a monarquía ou a república, que repito que é un debate que creo que é bo que se dea, que cadaquén manifieste o que considere oportuno, pero que se dea nun momento de calma social, se se pode dicir así, para que non poida haber interferencias de ningún tipo á hora de facer as distintas presentacións das posturas que poida ter cadaquén a ese respecto. Nada máis e moitas grazas.

VOTACIÓN

Votan a favor: 6 deputados/as (4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: 24 deputados/as (14 do PP e 10 do PSOE)

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

Rexéitase a moción.

ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Presidente

Hai unha pregunta escrita presenta polo Grupo Provincial Marea Atlántica, tamén nese aspecto, que pregunta sobre se o cidadán Juan Carlos Alfonso Víctor María de Borbón e Borbón dos Sicilias ten posesión dalgún tipo de título honorífico entregado pola Deputación da Coruña. Na resposta é que desde 1975 non consta nas actas da Deputación Provincial da Coruña ningún título honorífico entregado pola Deputación da Coruña.

Hai unha declaración institucional relativa ao Pazo de Meirás.

Sra. Secretaria accidental

Os Grupos provinciais do Partido Popular, PSdeG_PSOE, BNG, Marea Atlántica e Alternativa dos Veciños, presentan a seguinte declaración institucional relativa ao Pazo de Meirás.

A Deputación da Coruña aprobou no pleno do 15 de setembro de 2017, hai agora exactamente tres anos, participar na Xunta Pro-Devolución do Pazo de Meirás por "responsabilidade institucional histórica", en resposta aquela outra "Junta Provincial Pro Pazo del Caudillo" que participou no espolio do Pazo para poñelo nas mans da familia Franco. O acordo plenario da Deputación incluía tamén o rexeitamento desta institución á xestión do programa de visitas por parte da Fundación Francisco Franco e mostraba o seu apoio para que fose o propio Concello de Sada quen se ocupase do programa.

Como ben é sabido, a Deputación da Coruña implicárase activamente na loita pola recuperación do Pazo de Meirás como ben público despois de que fora utilizado como centro de apoloxía do franquismo e de que a propia Fundación Francisco Franco agradeceuse a colaboración da institución no espolio. Por xustiza e hixiene democrática, a Deputación da Coruña impulsou a Xunta pro Devolución do Pazo e encargou dous informes, un de carácter histórico e outro xurídico, coordinados respectivamente polos profesores Emilio Grandío e Xavier Ferreira, que a todas luces resultaron fundamentais para avanzar nunha estratexia de recuperación do Pazo para o patrimonio público.

Tres anos despois, a situación mudou substancialmente, en especial coa sentenza do Xulgado de Primeira Instancia de A Coruña, que obriga á familia Franco a devolver o inmóbel e declara non válida a venda simulada coa que os herdeiros do ditador acreditaban a posesión da devandita propiedade a título particular.

Mais, coa sentenza xa publicada, asistimos con estupor a unha situación incomprensíbel. A pesar de que un xulgado retira á familia Franco a propiedade do Pazo, o espazo segue a ser utilizado como templo do franquismo, con visitas guiadas que continúan a defender os idearios do movemento, incumprindo con impunidade a Lei de Memoria Histórica.

Por todo isto, o Pleno da Deputación da Coruña
DECLARA

1.- Que instará á Xunta de Galicia a activar os mecanismos necesarios para impedir que a Fundación Francisco Franco continúe á fronte da xestión das visitas guiadas ao Pazo de Meirás, obrigadas pola súa calidade de BIC.

2.- Que ofrecerá a colaboración da Deputación para, xunto co Concello de Sada e a propia Xunta de Galicia, traballar conxuntamente para que o Pazo de Meirás inclúa o relato completo da súa propia historia, desde que era propiedade da escritora Emilia Pardo Bazán até a actual sentenza.

3.- Que recoñecerá públicamente o labor de todas as persoas e entidades que nos últimos anos denunciaron este espolio e participaron no proceso de recuperación do Pazo de Meirás.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidencia dá por rematada a sesión ás 13:05 horas.